



PLAN DE VOLUNTARIADO 2016-2020

1. Introducción

O voluntariado é un dereito e un exercicio cívico que enriquece á sociedade e que é a base de AGARESO. As ONGD precisan enraizamento social e xeran un ben público: informar, articular e mobilizar á sociedade. O voluntariado, eficaz e organizado, ensínanos que é posible mirar a realidade doutra forma e anímanos a vivir doutro xeito, sumando forzas e vontades para o cambio. Á súa acción directa acompáñalle a formación constante, a reflexión, a crítica e a proposta transformadora.

Para todo isto é importante definir a participación destas persoas e organizar o seu traballo, e esa é a principal motivación dun Plan de Voluntariado.

Este plan pretende fomentar e facilitar a participación social en AGARESO, así como fortalecer a organización cunha base social formada e activa no compromiso cívico. Con el preténdese tamén orientar posibles actividades do voluntariado. Trátase de establecer estratexias para que os voluntarios traballen conxuntamente por un obxectivo. Non é un plan pechado, senón que irá adaptándose á realidade da asociación e ás persoas que a forman en cada momento.

2. Concepto de Voluntariado

O voluntariado, ademais de caracterizar a forma de actuar dunha persoa ou colectivo, é tamén unha acción en si mesma, cuxos valores están fundamentados por tanto, na vontade, a solidariedade, a acción, a reflexión e a organización. O voluntariado de cooperación é o conxunto de accións que realizan persoas ou grupos de voluntarias/os pertencentes a ONGD. A acción voluntaria está motivada principalmente por razóns ideolóxicas ou éticas, aínda que tamén coexisten moitas veces as razóns de tipo persoal onde, ademais de sentirse socialmente útiles, as persoas buscan coñecer e vivir novas experiencias, formarse, desenvolverse, relacionarse e traballar con xente coa que comparten intereses comúns. Dise que ser voluntaria/o significa dar (tempo, recursos, traballo) pero tamén recibir (satisfacción, aprendizaxes, experiencia, relacións humanas).

3. Situación actual

O 90 por cento das persoas que integran AGARESO son voluntarios. Neste momento contamos con 105 persoas vencelladas á organización, entre voluntarios, socios e colaboradores. O perfil dos voluntarios desta organización ten unhas características determinadas que se deben ter moi en conta á hora de elaborar unha estratexia. Na súa gran maioría son profesionais da comunicación que se debaten entre dúas condicións laborais:

- Amplas e intensas xornadas laborais que lles impiden poder participar de forma continuada nas actividades da organización ou axudar en temas de xestión. Pero que ao mesmo tempo están moi motivados porque nas súas contornas laborais non poden realizar o tipo de traballo que lles gustaría nin contribuír desde as súas plataformas diarias ao cambio social. Por tanto, queren vincularse con proxectos propios e a longo prazo.
- En paro ou con traballos puntuais, que poden vincularse de forma máis activa aos proxectos da organización ou contribuír coas necesidades puntuais, pero que necesitan que esta colaboración lles axude tamén a seguir formándose, a adquirir máis experiencia no ámbito da cooperación e a sentirse útiles.
- Xornalistas que residen en países do Sur e que colaboran coa organización de maneira puntual, pero que son moi útiles para a externalización do traballo de AGARESO e para manter activa a conexión co sur.

Tendo en conta este tres perfís, creo que sería conveniente establecer estratexias diferenciadas para cada un deles, xa que como queda reflectido na explicación anterior as súas potencialidades e os seus intereses son distintos.

Para empezar fáltanos unha pregunta clave por resolver que é saber que quere o noso voluntariado? Esta pregunta hai que facerlla a eles, pero tendo previamente unha base do que a organización pode ofrecer ao voluntario/a.

O reto non é tanto a captación de novos voluntarios, senón a fidelización dos que existen nestes momentos. Facer un seguimento serio da súa colaboración e ofertarlles ámbitos de actuación e colaboración coas que se sentan identificados e que sexan capaces de realizar dadas as súas condicións persoais e laborais.

Para iso é fundamental coñecerlos mellor, saber que perfís profesionais hai, intereses, dispoñibilidade... E que todas estas persoas coñezan mellor a asociación e as posibilidades de participar nela. Por tanto, é fundamental aplicar o protocolo de actuación para o “recibimento” do voluntario e para a súa posterior xestión, que ten que estar a disposición de todos os integrantes de AGARESO, xa que todos podemos captar novos voluntarios e voluntarias, aínda que haxa unha persoa fixa responsable de toda esta área.

4. Niveis de participación

Poden existir diferentes niveis de participación nunha asociación pero o que verdadeiramente importa é ter algunha capacidade de decisión, sequera pequena, nalgunha fase do proceso. Queremos que o noso voluntariado se sinta participe dos proxectos e actividades nas que participa, polo que é preciso valorar a súa capacidade de iniciativa, estando sempre en disposición de escoitar as súas propostas.

Para iso é necesario posibilitar mecanismos que faciliten a participación xa que unha cultura de participación sen mecanismos xera sentimentos de malestar e frustración. Mecanismos como crear espazos de encontro e debate, ofrecer acceso á información con suficiente antelación e en linguaxe clara, crear espazos intermedios de participación e consulta entre a Asemblea e a Xunta Directiva, ofrecer formación continuada que responda o interese común das persoas e da propia asociación...

Para garantir o dereito de participación poranse en marcha diferentes ferramentas que quedan descritas ao longo deste plan. Recóllense aquí as máis destacables.

- **Regulamento do voluntariado:** Regularanse os dereitos e deberes das persoas voluntarias a través dun Regulamento do Voluntariado. Cada voluntario/a firmará un documento de compromiso e adhesión á organización.
- **Persoa de referencia:** Os voluntarios terán dúas persoas de referencia dentro da organización, que se encargasen de darlle o apoio necesario para que poida desenvolver a actividade encomendada, de avaliar conxuntamente dita actividade, de recoller as súas propostas e de animar e motivar aos voluntarios
- **Informes trimestrais/semestrais:** A todas as persoas que adquiran un compromiso a medio-longo prazo pediráselles a redacción de breves informes trimestrais sobre a actividade desenvolvida, incluíndo neses informes as propostas que queiran facer á asociación. Todas as propostas recolleranse no informe que elaborará a persoa responsable de voluntariado.
- **Difusión do traballo realizado:** Os voluntarios desta organización teñen moi en conta a utilidade do traballo que realizan, polo que é necesario articular mecanismos que dean maior difusión ao seu esforzo, xa que estamos a integrar unha organización de comunicadores.
- **Creación de equipos de traballo:** En termos xerais o voluntariado de AGARESO tende ao agrupamento, necesita sentirse apoiados e compartir a súa colaboración. Por iso é necesario crear equipos de traballo por proxecto e integrar ás persoas que son voluntarias, pero que por razóns xeográficas non teñen un colectivo de referencia ao que abocarse.
- **Encontros lúdicos e/ou laborais:** É importante que os voluntarios que se pretende fidelizar coñézanse, pois as relacións sociais e persoais son vitais para a permanencia nun grupo. Deben potenciarse este tipo de encontros, con espazo para o debate e a conversación distendida.
- **Oferta de formación e información continuada:** Ofrecerase a todas as persoas que mostren interese por participar formación básica sobre a cooperación para o

desenvolvemento e sobre o traballo da asociación, así como información continuada sobre as actividades e as principais redes nas que esta asociación participa.

- **Participación nas asembleas:** Calquera persoa voluntaria terá dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais de acordo cos Estatutos da Asociación. Unicamente os socios terán dereito a formar parte da Xunta Directiva.

5. Definición de actividades para o voluntariado

Pensando na misión que AGARESO marcouse como organización priorizamos grandes liñas que son as que van orientar o traballo do voluntariado nos próximos anos e cuxas actividades levarán a cabo preferiblemente a través de persoas ou grupos autoxestionados, ben sexa por provincia ou por proxecto específico, apoiados polo/a responsable de voluntariado.

Para as actividades que non son periódicas, tamén poderase contar coa figura de colaborador/a, persoas que en momentos concretos estean dispoñibles para cubrir as necesidades que vaian xurdindo.

Actividades nas que poden participar os voluntarios:

- **Sensibilización:** Organizar e apoiar actividades (exposicións, charlas, actividades lúdicas), seguimento de campañas, relación e colaboración con redes, grupos locais de solidariedade, municipios, colectivos sociais... Apoiar o traballo sensibilización de AGARESO.
- **Comunicación:** Dar a coñecer o traballo de AGARESO en diferentes lugares, a través das redes sociais, nos medios de comunicación nos que traballan, axudando a elaboración de materias de difusión dos proxectos e da organización.
- **Asesoría técnica a proxectos:** Asesorar en temas concretos aos diferentes proxectos de sensibilización, educación e cooperación que se levan a cabo.
- **Elaboración de proxectos propios:** Os voluntarios poden levar a cabo os seus propios proxectos, individuais ou en equipo. Pero para iso é necesaria unha orientación previa sobre as posibilidades que teñen, as canles de financiamento e posibilidades de difusión. Polo que tamén é necesario comunicar máis e mellor os proxectos que realiza AGARESO e achegar alternativas doutros proxectos que se poidan realizar no noso ámbito. O proceso para a realización de proxectos é consultar ao equipo técnico sobre as posibilidades da iniciativa e despois levar a proposta a Xunta Directiva para a súa aprobación.
- **Transmisión de coñecemento e información.** ¿Que pode facer cada voluntario implicado nun proxecto? Redactar a súa experiencia para que sexa difundida, gravar un vídeo ou un audio, dar unha charla... o ámbito no que se atope máis cómodo. Isto é

útil para a captación de novos voluntarios e para enmendar erros e potencialidades dos proxectos.

- **Formación:** Acollida e formación do voluntariado. É necesario seguir formando aos profesionais, sobre todo no ámbito de comunicación para o desenvolvemento. Podería realizarse unha especie de Banco de Tempo entre os integrantes da organización e darse charlas entre eles mesmos sobre fotografía, audiovisual, radio, comunicación para o desenvolvemento. .. Sen que isto exclúa, establecer sinerxías con outras organizacións ou institucións para que dean cursos de formación ao noso voluntariado.
- **Estancias no sur:** Persoa de ligazón cando se realice unha visita a un país do sur. Coñecemento e difusión dos nosos proxectos. Sensibilización sobre realidade do Sur.
- **Oficina:** Temas administrativos, difusión de publicacións, mantemento informático, xestión basee de datos...

6. Captación do voluntariado

Unha vez identificadas as posibilidades de voluntariado que se queren ofrecer, o seguinte paso é dalos a coñecer a través dunha estratexia de comunicación e recibir ás persoas que queiran participar a través dun proceso de acollida.

Para iso os pasos que seguiremos serán os seguintes:

- **Mensaxe:** ¿Que necesitamos? Explicar que ofrecemos como asociación e cales son os perfís de voluntariado ofertado. Elaborar un documento xeral de presentación da nosa oferta de voluntariado e se fose necesario, documentos específicos adaptados aos diferentes lugares onde acoden persoas interesadas no voluntariado a informarse.
- **Destinatarios:** Dirixirnos a sectores da poboación en función da oferta que queremos facer. Para cada colectivo definirase a maneira máis apropiada de facer chegar a mensaxe. Públicos obxectivos son o voluntariado actual, socios e socias, familiares e amizades, ex voluntarios, profesionais da comunicación, estudantes e ex integrantes doutras ONGD.
- **Estratexia:** Prepararase unha estratexia de comunicación (lugares, datas, medios, recursos necesarios) diferenciada segundo os colectivos aos que queiramos dirixir a información sobre a nosa oferta de voluntariado. En todos os casos é esencial que, na medida do posible, non transcorra moito tempo entre a captación e o inicio da actividade. Neste 2012 realizaranse varias presentacións públicas da organización nas diferentes cidades de Galicia e continuarase coa presentación dos proxectos en centros públicos e privados.
- **Proceso de integración:** Se non recibe unha correcta información e atención, é posible que perda interese, e por tanto, os esforzos e recursos empregados para a súa captación non serían aproveitados. Moitas veces o primeiro contacto define a relación que se establece entre as persoas e tamén entre as persoas e as institucións. Por iso é necesario concretar como imos realizar a acollida e orientación das novas persoas voluntarias.

- **Información continuada:** Ao longo do ano ofrecerase a todas as persoas voluntarias e colaboradoras información que facilitará a súa participación, formación e seguimento do traballo.
- **Xestión e seguimento:** Dentro da asociación hai tarefas variadas e persoas que se ofrecen a colaborar con perfís moi diferentes, polo que debemos ter sempre presente motivación + dispoñibilidade + capacidade á hora de asignar as tarefas. A incorporación de cada persoa formalizarase por escrito mediante o correspondente acordo que xa se está elaborado. Os voluntarios/as terán unha persoa responsable dentro da organización quen se encargará de darlles o apoio necesario para que poidan desenvolver a actividade encomendada e de avaliar con eles a actividade.
- **Seguimento:** É importante dotarse de sistemas de avaliación do traballo que realizan as persoas voluntarias e coñecer a opinión de cada unha sobre o seu traballo, a percepción que teñen da entidade, o seu nivel de integración... Para iso usaremos entrevistas persoais, enquisas, reunións en grupo, indicadores de avaliación...
- **Memoria:** Anualmente, quen se encargue do voluntariado elaborará unha memoria de actividades na que se recollerán todas as actividades levadas a cabo durante o ano por persoas voluntarias e unha valoración de cada unha das actividades. Esta valoración prepararase pola propia persoa voluntaria, co apoio do seu referente dentro da organización e da persoa responsable de voluntariado se fose necesario.
- **Cronograma:** En xaneiro de cada ano elaborárase un cronograma específico para ese ano.

7. Obxectivos específicos

- ✓ OE1: Fomentar e facilitar a participación social, fortalecendo a organización cunha base social formada e activa no compromiso cívico e respondendo os intereses de implicación e compromiso da sociedade e da nosa base social.
- ✓ OE2: Potenciar a participación e a relación de AGARESO con redes, colectivos sociais e organizacións con fins compartidos.
- ✓ OE3: Desenvolver un proceso de xestión do voluntariado sistematizado que facilite a eficiencia e eficacia do traballo de voluntariado e a avaliación e seguimento do Plan.
- ✓ OE4: Ampliar a capacidade de realizar actividades en consonancia cos obxectivos da asociación sen aumentar de forma excesiva os custos económicos.
- ✓ OE5: Favorecer a participación de profesionais que poden achegar a súa experiencia e formación nos nosos proxectos.
- ✓ OE6: Garantir que cada persoa voluntaria séntase ben acollida, formada e apoiada na actividade que lle foi encomendada.
- ✓ OE7: Recoller, analizar e responder as propostas que persoas voluntarias queiran facer para mellorar o cumprimento da misión.
- ✓ OE8: Facilitar o coñecemento, a formación e a experiencia sobre Cooperación e Comunicación para o Desenvolvemento.

8. Resultados esperados

- ✓ RE1: Aumenta o número de persoas que colaboran con AGARESO de forma voluntaria. E con iso a presenza social da organización no norte.
- ✓ RE2: Participa en redes e relacionarse con movementos sociais e organizacións do ámbito da cooperación.
- ✓ RE3: AGARESO conta cun proceso de xestión de voluntariado sistematizado.
- ✓ RE4: Realízanse diferentes tipos de actividades polo voluntariado de AGARESO.
- ✓ RE5: Cada voluntaria/o recibe a formación necesaria para coñecer AGARESO e poder levar a cabo a súa actividade.
- ✓ RE6: Cada voluntaria/o ten a oportunidade de relacionarse co resto do voluntariado e de participar na vida asociativa.
- ✓ RE7: Cada voluntaria/o conta cunha persoa de referencia dentro da oficina e da xunta e con seguimento personalizado da súa actividade.
- ✓ RE8: Cada voluntario/a participa en polo menos a metade das sesións de formación que se realicen na organización.

9. Actividades

Os obxectivos e resultados esperados marcados conseguiranse a través da realización das actividades descritas a continuación.

RE1: Aumenta o nº de persoas que colaboran con AGARESO de forma voluntaria

Presentar Plan de Voluntariado e actualizacións en Asemblea anual de AGARESO.

Actualizar web con oferta activa de voluntariado.

Difundir nos diversos boletíns información sobre actividades e ofertas de voluntariado.

Difundir dentro e fóra de AGARESO necesidades de voluntariado que teñan que ser cubertas.

Elaborar e difundir tríptico sobre o voluntariado en AGARESO.

Elaborar e actualizar documento de presentación para voluntarias/vos potenciais.

RE2: AGARESO participa en redes e relaciónase con movementos sociais e organizacións do ámbito da cooperación.

Establecer e manter contacto con redes, asociacións, colectivos...

Recoller e difundir na contorna información sobre o traballo de redes, asociacións, colectivos... nos que participe AGARESO.

Participar activamente en redes que considere a xunta.

RE3: AGARESO conta cun proceso de xestión do voluntariado sistematizado.

Existencia dun Plan de Voluntariado para ser aprobado pola xunta directiva.

Existencia de plans operativos anuais que serán aprobados pola xunta directiva.

Deseño e actualización dunha base de datos para xestión de voluntariado.

Elaboración e difusión de informe trimestral/semestral sobre actividades de voluntariado.

Definición e medición anual de indicadores de seguimento e avaliación do Plan.

Definición e revisión periódica de funcións e perfil de responsable de voluntariado

RE4: Realízanse diferentes tipos de actividades polo voluntariado de AGARESO

Identificación e actualización anual das áreas de actividade do voluntariado en Galicia.

Identificación e actualización anual das áreas de actividade do voluntariado en países do Sur.

Recollida sistemática de necesidades de voluntariado tanto estables como puntuais

Definición de actividades específicas que oferta AGARESO para ser cubertas por voluntariado elaborando o perfil ideal de voluntaria/o para cada actividade.

RE5: Cada voluntaria/o recibe a formación necesaria para coñecer AGARESO e poder levar a cabo a súa actividade

Desenvolver e actualizar anualmente protocolo de acollida a cada voluntaria/o.

Elaborar e difundir dossier de presentación para voluntarias/os.

Preparar e ofrecer un proceso de acollida para novas persoas voluntarias.

Ofertar formación xeral sobre Cooperación e Comunicación para o Desenvolvemento.

Manter contacto con entidades que dean formación de interese para o voluntariado.

Envío de información mensual por correo electrónico da folla de ligazón ao voluntariado

Enviar os boletíns e a memoria anual ao voluntariado.

Facilitar visitas aos proxectos de AGARESO.

R6: Cada voluntaria/o ten a oportunidade de relacionarse co resto do voluntariado e de participar na vida asociativa de AGARESO

Invitación a actividades: asembleas, charlas, visitas...

Organización dun encontro anual lúdico-formativo para o voluntariado.

RE7: Cada voluntaria/o conta cunha persoa de referencia dentro da oficina e da xunta e con seguimento personalizado da súa actividade.

Concretar con cada voluntaria/o actividade a desenvolver, dereitos e deberes.

Seguimento individualizado a cada voluntaria/o a través dunha persoa de referencia.

Elaboración e actualización de ficha persoal de seguimento para cada voluntaria/ou.

Elaboración trimestral por cada voluntaria/o ou grupo de informe de actividades e propostas.

Avaliacións periódicas mediante enquisas individuais de grao de satisfacción, de voluntarias/os e de persoas de referencia.

RE8: Cada voluntario/a participa en polo menos a metade das sesións de formación que se realicen na organización

Realizar sesións atractivas para os voluntarios/as.

Informar con suficiente tempo o calendario de sesións de formación.

Facer seguimento da participación nas sesións.